

FICHA RESUME

PE 410A 2008/4-5

Ano	2008
Entidade	CONFRARIA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE POLIQUETOS
Réxime⁽²⁾	ZONA DE LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	A PÉ

Especies	<i>Diopatra neapolitana, Arenicola marina, Hediste diversicolor, Lumbrineris impatiens</i>
Ambito do plan	Zona interna da ría de Aldán: Banco de San Cibrán, prai de Vilariño e o Cagallón. Zona externa da ría de Aldán: praias de Area Brava e Castiñeiras.
Subzonas de explotación	Praia de San Cibrán, praia de Vilariño, O Cagallón,

Participantes no plan de explotación

Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
11		
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación

Días máximos de extracción	52										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de 17 de marzo a 31 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾ : A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Especies	A pé
<i>Para o conxunto de todas as especies</i>	800 individuos

Artes a empregar	Sacho, pá e forquita.
-------------------------	-----------------------

Puntos de control	Zona de produción
Puntos de venda	Centro de venda autorizado

Outras consideracións⁽⁹⁾

En relación co ámbito do plan, manterase a zona de traballo aprobada para o plan de explotación do ano 2007, ante a ausencia de actividade no pasado ano, a non xustificación dos obxectivos (productivos e económicos) do plan proposto e as deficiencias na avaliación do recurso presentadas. Por outra banda, de Punta Morcegos a Punta Couso é zona incluída no ámbito territorial de Bueu, sen embargo non se presenta o informe favorable desta entidade de acordo co establecido na disposición adicional primeira da Orde de 4 de abril de 2007, pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2007 e se regula o seu exercicio.

Con respecto ao método de captura, de acordo co artigo 2º da orde de 6 de febreiro de 2008, na modalidade de a pé só pode utilizarse sacho, pá ou forquita. Non se contempla a sal como método a empregar. Ademais o informe técnico non recomenda o emprego de sal nos bancos marisqueiros nos que se explotan ameixa fina, ameixa babosa, berberecho e carneiro..

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e en horario comprendido entre as dúas horas antes e dúas horas despois da baixamar diúrna, sen que en ningún caso poidan superarse as 17 horas.

Deben acreditar a aprobación da proposta de plan polo órgano competente da agrupación de mariscadoras.

De acordo cos informes técnicos, efectúanse as seguinte recomendacións para a mellora do plan:

- Presentación dunha avaliación do recurso con un informe das mostraxes completo, composto dos seguintes apartados: introducción e antecedentes, material e métodos (incluíndo o mapa das estacións e coordenadas GPS), resultados e conclusión.
- Controis periódicos da explotación (mostraxes, tallas de captura, etc..) así como un seguemento da actividade extractiva realizada (días, capturas, vendas, etc.).
- Elaboración de plan financeiro.

As capturas diarias do conxunto das especies non poderán superar os 800 individuos/persona/día